



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

MESA SEGUIMIENTO ACORDO CARREIRA ADMINISTRATIVA:
Concursos de Mobilidade Xeográfica

Unha vez máis a AEAT convoca a Mesa de Seguimento de Carreira Administrativa para tratar o tema dos Concursos de Mobilidade Xeográfica. A súa intención é, outra vez, a de facernos perder o tempo dándolle voltas a un novo borrador que, se ben inclúe algunha pequena modificación, non mellora en nada ao presentado na última reunión (que foi hai un mes...). Iso sí, agora queren deixar ben claro que solucionar este tema é urxentísimo xa que, a partir de marzo do 2010 están previstas as incorporacións das novas promocións dos funcionarios da AEAT e queren deixar isto arrancado canto antes, como moi tarde en setembro. Ademais, como é un tema "tan prioritario" para eles, xa deixaron ben claro que é posible que non haxa nova reunión ATA FINAIS DE MES, co que, tendo en conta que está agosto polo medio, xa vemos clara a súa xogada.: seguramente logo dirán que non hai tempo e sacarán os concursos como lles dea a real gana....(tal e como van facer coas convocatorias de promoción interna).

Respecto as propostas que prantexamos na anterior reunión e que quedaran pendentes de estudo non hai resposta (non sabe/non contesta). Iso sí, no novo borrador que nos entregaron, introducen novas e numerosas "trampas":

- Múltiples indefinicións na redacción:..."..siempre que sea posible...".."con carácter general", é dicir, sen comprometerse en aspectos concretos.
- En canto á periodicidade dos concursos, agora xa non hai compromiso de que sexan anuais, cando toda a nosa lóxica indica que debe ser así, para ofertar, cada ano, as prazas vacantes antes da incorporación do persoal de novo ingreso.
- Non están dispostos a asumir que non pode haber perda retributiva nin penalización para un funcionario que queira moverse de localidade: isto é innegociable para nós, ninguén ten que retroceder na súa carreira administrativa para achegarse a súa localidade de orixe. ¿Queren que o que leva 20 anos para volver á casa empece de novo no Tramo O? Parece que sí...
- Pretenden sacar a concurso só as prazas cos tramos iniciais do Acordo de Carreira e introducen unha penalización nos baremos para todo aquel que queira concursar e o tramo convocado non corresponda co que teña o participante...
- Queren manter o "informe do xefe" para os tramos retributivos superiores
- Esquécense que na AEAT hai tamén auxiliares e administrativos (falan só de corpos propios da AEAT).....ETC,ETC

Creemos que a intención da AEAT é non chegar a ningún acordo coa parte social e a táctica que están utilizando é a de dilatar o estudo das nosas propostas para non chegar a nada. A ver qué nos contan na próxima reunión...

Desde a CIG reiteramos que o tema dos Concursos de Mobilidade é de suma importancia pero non á calquera prezo: o Acordo de Carreira Administrativa debe ser respetado en todos os seus extremos e pensamos que iso é compatible tamén cun sistema que responda ás expectativas de todos, tanto da AEAT coma do persoal desta casa.

CIG-AEAT
Delegación AEAT A Coruña
EXT:868 89-Telf:981 61 68 89

02/07/09